



ame is

TheTab

1984
GUÍA
DIDÁCTICA

Edita:
Auditorio de Galicia

D.L. C1662-2023


Autoría:

Didáctica: Ángeles Díaz | FUIICULAR
Investigación: 7H Cooperativa Cultural
Fotografía: 7H Cooperativa Cultural
Obras das súas respectivas autoras
Imaxes cortesía do Auditorio de Galicia
Ilustración e deseño: Ángeles Díaz Seoane
Revisión de textos: Andrea Barreira Freije
Tipografía: María Ramos

1984. Урока хенеалoxía feminista da arte
urbana galega
Comisarias: Clara Rodríguez Cordeiro e
Amabel González Troicoso

Textos baixo a lisenza Creative Commons
CC BY-NC-SA 4.0
Attribution-NonCommercial-ShareAlike
4.0 International

GUÍA DIDÁCTICA 2º CICLO ED. INFANTIL



C
Compostela
Cultura
Artes visuais


AUDITORIO DE GALICIA


COOPERATIVA
CULTURAL




CONSORCIO DE
SANTIAGO


CONCELLO DE
SANTIAGO

Esta guía didáctica xorde como parte do material resultante da exposición *1984. Unha xenealoxía feminista da arte urbana galega*, que tivo lugar no Auditorio de Galicia desde o 28 de xuño de 2023 ao 12 de novembro de 2023.

Invitamos a docentes, estudantado e familias a coñecer o percorrido da arte urbana galega e que esta investigación empape tamén as aulas, como ferramenta e linguaxe.

INTRODUCCIÓN

Esta guía didáctica é unha proposta docente que se establece como punto de partida, unha invitación a que *1984. Unha xenealoxía feminista da arte urbana galega* non fiquen unicamente nos muros do museo, cando xusto a arte urbana pertence e fai seu o espazo público.

Así, este documento recolle algunhas reflexións e preguntas que consideramos importantes, mais non pretende erixirse como unha estrutura pechada. Toda proposta didáctica debe atender ao contexto propio (ao do grupo e a poder ser tamén ao individual, para construír cara ao colectivo) e concibirse como un proceso do que o alumnado forma parte activa.

Polo mesmo motivo, as accións aquí presentadas son accións abertas, abordables desde distintos niveis de complexidade e indagación, permeables á realidade das crianzas e que precisan dunha mediación e acompañamento docente que permita e guíe esa interrelación. Así que sentídevos libres de facelas vosas, de alterar, variar e transformar todo o posible.

TE OFENDE?



CCL - COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

En educación infantil, poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo. Con iso favorecerase a aparición de expresións de crecente complexidade e corrección sobre necesidades, vivencias, emocións e sentimentos propios e dos demais.

CPSAA - COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER

Experimenta a satisfacción de aprender en sociedade, mentres se comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva. Para iso, as nenas e os nenos comezan a poñer en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

CC - COMPETENCIA CIDADÁ

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Convidase tamén á identificación de feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultura. Do mesmo xeito, foméntase un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais.

OBXECTIVOS, ÁREAS E COMPETENCIAS

As linguaxes artísticas, en tanto que sistemas simbólicos, adquiren unha particular relevancia nesta etapa. Proporcionan un leito diferente, variado e flexible para expresarse, mostrar o seu mundo interior e explorar e relacionarse coa contorna con maior liberdade e axudan a desenvolver a capacidade de construír conceptos, adquirir habilidades manuais e despregar a imaxinación. A primeira infancia asómbrase constantemente porque nada se dá por suposto. A creatividade, tan presente nesta etapa, ten que ver coa curiosidade vital. A tarefa docente debe ser acompañala e proporcionar as ferramentas para consolidala.

ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

OBX2. Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.

OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

ÁREA DE CRECIMENTO EN HARMONÍA

OBX3. Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable.

OBX4. Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos.


Os coñecementos e experiencias previas como punto de partida para garantir a significatividade das aprendizaxes, buscando a funcionalidade do que aprenden.

ÁREA DE DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNIA

OBX1. Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.

OBX4. Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencie en todo momento actitudes de respecto e de aprecio.



Sax revisitando a Seor (2023)

SOBRE A ORIXE DA ARTE URBANA E OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

A arte urbana está envolta en numerosos estereotipos de xénero que xustifican, erroneamente, a crenza de que non existen mulleres neste eido. Esta visión está arraigada nas propias orixes do graffiti en EUA, a finais dos anos 60, no que a ilegalidade, a sinatura anónima e a competitividade física no espazo público eran sinónimos de masculinidade.

Vinculado á subcultura do hip-hop, o graffiti non tardou en espallarse. A partir dos anos 80 exportou ao resto do mundo as súas principais características: conexión coas áreas urbanas (aínda que acabará estendéndose ao rural), a competitividade para ocupar —e recuperar— o espazo público e o uso dun sistema de signos encrptado co que recoñecerse entre si.

Gañar visibilidade propagando o nome escollido en todos os lugares posibles e facéndoo en superficies cada vez maiores e de difícil acce-

so, como os vagóns de trens, os sinais das autoestradas... era o xeito de amosar rebeldía das persoas que conforman o movemento: rapaza de entre 10 e 18 anos que está construíndo a súa identidade. Así, a competencia, a perigosidade e o desafío físico son aspectos claves do graffiti, puntos vinculados coas identidades masculinas hexémónicas. A isto hai que sumar que as mulleres, historicamente, estiveron relegadas ao espazo privado.

As dificultades de realizar unha práctica ilegal na rúa, a exposición ás violencias asociadas ao seu sexo, os problemas para unir as características propias do graffiti coas do xénero, os obstáculos para apropiarse dun espazo en solitario ou sen a aceptación dos compañeiros son algúns dos motivos polos que se pode entender o menor número de escritoras de graffiti, sobre todo neste momento inicial, no que non tiñan máis opción que loitar contra o estereotipo de xénero ou asumilo.

Paralelamente, o graffiti inicia un camiño de aproximación ao sistema artístico que vai facilitar a diversificación das técnicas e as posibilidades creativas da arte urbana. Por unha banda, o sector artístico comeza a valorar a riqueza do graffiti, por outra, as persoas da subcultura empezan a interesarse tanto pola

mensaxe como pola estética dos seus traballos, nos que introducen o diálogo co contexto onde serán realizados. Nace así o posgraffiti, que incorpora á súa linguaxe novas temáticas, materiais e técnicas, facilitando unha participación máis inclusiva e igualitaria.

Aínda cando a cuestión da visibilidade e o desafío físico se manteñen, o carácter da performatividade masculina hexemónica comeza a diluírse e iníciase o camiño de expresións e prácticas que hoxe entendemos por arte urbana: do ilegal ao público, da rúa á galería de arte, da academia á rúa, desde o pequeno *tag* até á intervención mural en gran formato.

Até ese momento, os pseudónimos das artistas facilitaban manter en secreto tanto a súa identidade, como o seu xénero. No entanto, a autoafirmación na rúa a través do emprego de nomes deliberadamente femininos resultará fundamental para axudar a visualizar a súa presenza. Porén, esta elección supón un dobre esforzo para as mulleres artistas, xa que, ademais de ter que se enfrontar aos prexuízos de xénero, identificarse como muller implica pasar a formar parte dun escenario no que a arte feminina se representa como outredade e se valoriza, tan só, en relación a si mesma.

Tamén as violencias no espazo público están máis presentes cando a sinatura da obra é feminina. Como narra a cineasta e graffiteira checa Sany no seu documental *Girl Power*, o primeiro en visibilizar o papel das mulleres no contexto do graffiti, as primeiras *crews* femininas enseguida foron vítimas de ataques machistas. As súas obras eran esnaquizadas constantemente e o seu traballo perseguido até o punto de que moitas se viron obrigadas a deixar de pintar.

A ARTE URBANA EN GALICIA DESDE UNHA OLLADA FEMINISTA

Dun xeito moi semellante ao que acontece no resto da Europa occidental, a Galicia de mediados dos anos 80 establécese como marco temporal nos comezos da nosa particular historia coa arte urbana contemporánea. As primeiras manifestacións artísticas influenciadas polo graffiti e o posgraffiti foron froito dun

intenso diálogo entre a mocidade de ambas as dúas beiras do Atlántico –derivado tanto dos movementos turísticos e migratorios, como da propia expansión cara a Europa da cultura urbana– e da subcultura do hip-hop.

A pesar de que o imaxinario popular estableceu, durante moitos anos, o marco xeográfico destas primeiras expresións na cidade de Vigo, a realidade é moito máis polifónica e difusa, e pódense identificar diversos nacementos simultáneos.

A cultura urbana, que neses primeiros anos chega até nós mediante revistas, fanzines e o boca a boca, entrará no noso imaxinario grazas ás películas procedentes de Estados Unidos. Foi tal o auxe do fenómeno que, en diferentes vilas e cidades do noso territorio, era replicado sincronicamente por mozas e mozos sen contacto entre si, como sucedeu na Rúa Echegaray, en Pontevedra, onde unha rapaza de 13 anos realizaba a primeira peza documentada.

Malia que ao principio moitas das nosas artistas recoñecen terse adaptado á realidade machista asociada ao graffiti, co tempo foron buscando, construindo e asentando un lugar de seu. Un claro exemplo disto son os motivos, tan diversos, que as empurran a pintar. Hai quen busca a pura provocación e a adrenalina,

a ilegalidade e a rebeldía. Hai quen se move pola enerxía que emana do graffiti, quen busca desenvolver a súa creatividade, quen quere compartir o momento coa *crew* ou co colectivo lonxe da competitividade... Hai quen busca todo o anterior ao mesmo tempo.


En conclusión, as artistas urbanas pintan para gozar do proceso creativo, afondar nunha expresión propia e recuperar o espazo para quen o habita, eliminando estigmas, volvendo a ollada á natureza e tendo en conta a opinión da veciñanza. A presenza de mulleres na arte urbana vai aumentando co tempo nas súas distintas expresións, sobre todo grazas á visibilización de referentes tanto da contorna como internacionais, das que destacan os seus estilos persoais e a xenerosidade no traballo. Ademais agradécenlles que abran portas e cancelas para as que seguen os seus pasos. Descubrir que detrás dunha sinatura hai unha muller motivou a moitas artistas a comezar e a continuar co seu traballo.

Esa capacidade para seguir pintando ao longo do tempo non é doada de acadar. As situacións vitais, moitas veces relacionadas coa maternidade ou outros coidados, dificultan que a dedicación e/ou profesión

perdure. Malia os atrancos, aos poucos, as artistas urbanas apodéranse e reaprópianse dos lugares, reivindicando a figura feminina, as historias propias e o seu protagonismo. Aínda así, recoñecen que, en ocasións, se teñen sentido incómodas polo paternalismo e misoxinia de certos ambientes, sobre todo cando, segundo maduraban, ían incorporando unha perspectiva de xénero tanto no seu traballo como na visión da arte urbana. Algunhas chegaron a pensar en deixar de pintar por sentiren que as súas pezas eran cuestionadas, infravaloradas, deslexitimadas e atacadas.

Mais non o fixeron, porque se algo hai que destacar dentro da arte urbana actual desde unha ollada de xénero é a importancia das redes que se van creando cos anos, como demostran as *crews* conformadas exclusivamente por mulleres e as asociacións sectoriais de ámbito internacional.

Son moitas as que recordan que nos seus comezos apenas vían escritoras ou mulleres artistas e que atopar referentes era, e é, unha forza de empurre. Insisten en que para elas, sobre todo para as primeiras, o simple acto de saír pintar é un feito revolucionario. Por elas, polas que virán, por todas... seguiremos ocupando a rúa.





Íria Fafián (2023)

BOTAR UNHA OLLADA

Ei, Ei, Ei! SABEMOS O QUE É UN AUTOCOLANTE?

Seica en inglés lle
chamamos **STICKER** !

“O espazo público continúa a estar atravesado por diversas violencias de xénero que o converten nun contexto hostil para as mulleres. Quer cando tentamos apropiarnos del a través da arte —como demostran os ataques machistas que sofren moitas obras asinadas por mulleres—, quer cando simplemente o transitamos, estamos expostas a inseguridades e perigos.

Desde os inicios do movemento, minimizar a presenza na rúa co fin de diminuír estes riscos é unha prioridade para moitas artistas, especialmente aquelas que realizan prácticas ilegais. Formas de expresión como a *poster art* ou a *sticker art*, en que a imaxe ou a mensaxe se comparten a través dun adhesivo, permiten desenvolver a maior parte do proceso creativo en lugares seguros e así reducir os riscos da exposición no espazo público a unha aplicación final moi rápida.

En Galicia, talvez por mor das inclemencias meteorolóxicas, estas disciplinas non contan con tanta popularidade como noutros territorios, aínda que si mantemos unha longa historia co estencil, recurso igualmente rápido e moito máis duradeiro.” (7H Cooperativa Cultural, 2023)*

*7H Coop.(2023). *Cando elas toman os muros. Feminismos e arte urbana en Galicia*. Universidade da Coruña.

Antes de nada... alguén viu o **GATO?**

Pinheiro é un dos gatos máis famosos de Santiago de Compostela; diferentes xornais como *La Voz de Galicia* ou *El Correo Gallego* fixéronse eco das súas andainas, dando por suposto que a persoa que estaba detrás deste *stencil* era un home.

Alguén visitou a expo?

En caso de que si, alguén viu o gato?

Мимми... igual escapou polas rúas de Santiago de Compostela! Víchedelo? Vimos algunha vez un gato coma este na rúa? Están quedos ou igual andan cambiando dui sitio para outro? Cantas cores puidemos atopar? Espera... alguén aquí ten un gato? Ou mellor aínda, alguén aquí ten un gato pintado na parede da súa casa?

Probamos algunha vez a pintar con stencil? Que pasa cando poñemos a man, pintamos cun spray e logo quitamos a man? Espera, pero sabemos que é un spray? Vale, igual mellor todo isto apuntámolo para logo.



Ui troisco... **COM RODAS???**

Prometido: Na exposición había un troisco con rodas, atopámosto? Cantas máis cousas raras podería haber? Igual unha gorra e uns zapatos? Pode estar unha gorra pintada nun museo? Por que?

Para que pode servir un troisco con rodas? Que pode facer un TROIICO nun museo? E un monopatín? Ui, ui, ui. Se pasastes por alí, seguro que alguén xa se decatou de que incluso había unha papeleira que non era precisamente para tirar o lixo.

**ИиИиИи... Que pensamos
que é un museo? Poden
ser ao aire libre? Que
cousas atopamos?**



POR QUE VINCULAR A ARTE URBANA Á ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL?

A arte urbana empapa as rúas e permea os muros nun diálogo constante co contexto, en contraposición coa publicidade que as inunda —carteis no inicio dos anos 60 e pantallas actualmente— permitindo, nun paseo por contornas habitualmente urbanas (pero grazas a iniciativas como o Delas Fest, máis preto do rural cada vez), un exercicio de observación e reflexión constantes. *Quen pintou iso aí? Como se pode pintar un muro tan grande? Viches ese pequeno autocolante ao borde da beirarrúa? Terían permiso? Como o fixeron?*



O GATO PINHEIRO, CUESTIÓN DE XÉNERO. A NECESIDADE DE ESTABLECER REFERENTES

Como recolle o currículo escolar a área de Comunicación e Representación da Realidade pretende promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Neste punto é indispensable establecer referentes desde as marxes e a diversidade, onde as crianzas poidan verse reflectidas e sentirse arroupadas, mais tamén ampliando as súas ideas cara á pluralidade existente.

Ao igual que no recorte de prensa que podemos ver en sala, onde en ningún momento chegan a figurarse que a autora do gato Pinheiro poida ser unha muller, adoitamos trasladar o concepto de grandes referentes ás potencias máis

globalizadoras ou imperialistas como poden ser EUA ou Reino Unido; todas coñecemos as obras firmadas por Banksy, instaladas no ideario occidental colectivo, pero Galicia está a ser actualmente unha localización clave cando falamos de arte urbana. Non só podemos marcar un dos enclaves do inicio do *graffiti* en España (por unha das autoras que podemos ver na exposición) senón que, as artistas galegas traballan con recoñecemento a nivel internacional.

Por tanto, nesta etapa de construción de identidade onde o nesgo aínda non está instaurado, permítenos establecer posibilidades a grande escala. Non estamos falando de nomes de mulleres que aparecen unicamente nos libros de historia, senón de referentes actuais que poden ter pintado na túa vila ou incluso no teu centro (moitas das artistas traballan en colaboración con centros educativos), con quen se pode compartir conversa e establecer un vínculo directo.



ACCIÓN 1

Canto nos condiciona un nome? Que nos permite escondernos detrás dunha firma? Historicamente, cantos exemplos coñecemos e cantos (obviamente) seguirán agochados? Coñecemos algunha personaxe que teña unha identidade secreta?

Por que presupomos un perfil asociado a X accións? Desde que idade se establecen estas asociacións e cantas veñen dadas por unha anticipación da persoa adulta que formula a pregunta, ben mediante a súa expresión ou a través do material que utiliza?

Pensemos no GATO PINHEIRO?

Como podemos saber que é un gato?

Alguén o sabe?

Espera.. é un gato? Ou unha gata?

É un só con varios traxes ou son gatxs diferentes? Estamos seguras de que este é gata ou gato? Por que?

Temporalización:

Nestas etapas temperás atendemos aos diferentes ritmos e necesidades que existen nas aulas. Como se indica na introdución, a duración das propostas depende da profundidade coa que cada docente e grupo decida abordalas.

Ampliación:

As propostas preséntanse como puntos de partida, escalables e abordables desde as necesidades ou preferencias propias. É posible ampliar contidos e competencias relacionadas variando ou ampliando a formalización.

ACCIÓN 1

Retomamos as preguntas de antes. Sabemos o que é un *spray*? Empregámo-lo algunha vez? Vimos pintadas de *spray* na rúa? Traballamos algunha vez cun *steencil*? Como facemos un positivo e un negativo?

Que hai máis representativo para a nosa firma que a palma da nosa man? Podemos distinguir unha man doutra? Como podemos saber quen está detrás de cada man?

Usando o noso corpo como padrón (ben pintando ao redor del, ben tratando de facer formas conxuntas e pintando nos espazos que quedan baleiros) propoñemos unha revisión da acción de estampar a túa pegada, vinculándoa cunha reflexión consciente sobre as similitudes e as diferenzas, a autorrepresentación e a escala. Podemos facer noso o muro do patio se estampamos nel os nosos corpos? Se nos misturamos, deixamos de ser corpos individuais para pasar a ser un incompreensible corpo colectivo?

Recursos:

- Botes de pulverizador (recomendamos reutilizar) debidamente lavados para eliminar restos de sustancias nocivas.
 - Témpera de uso infantil, colorantes alimentarios de tipo industrial (que nos permiten cores máis asociadas ao mundo da pintura actual) ou outros colorantes como pode ser a cúrcuma (que nos remiten a pinturas máis antigas ou incluso prehistóricas).
 - Lentes de mergullo (para protexerse os ollos, en caso de virnos moi arriba).
 - Roupa que se poida manchar.
-
- Cartolinas
 - Tesoiras

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Experimentar coa identidade e súa reafirmación.
- Traballar a autorrepresentación e reafirmación a través do nome e outros códigos visuais máis sinxelos.
- Xerar e valorar unha vinculación co contexto e contorna propios.
- Entenderse como axentes activos no proceso de patrimonialización e coidado.
- Experimentar e gozar.
- Fomentar a autonomía.
- Coñecer referentes actuais dentro da cultura galega, recoñecidas a nivel local, nacional e internacional.
- Achegarse ao mundo da arte urbana desde unha ollada feminista.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Entendernos parte do tecido social a pequena e gran escala a través das nosas accións.

o concepto de
"PEGADA"

ANTES - DURANTE - DESPOIS
VISITAMOS A EXPO 1984!



FESTA



00's

3

O ALLEO / O PROPIO. COIDAR DAS E DOS DE MAÍS. PATRIMONIALIZAR DESDE O FEMINISMO

Con respecto á linguaxe plástica, nesta etapa adquiriranse e desenvolveranse de forma progresiva desde a descuberta sensorial dos materiais e o gozo polo efecto da pegada, ata a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos. Pola súa vez, desde unha perspectiva de xénero, poñerá as nenas e os nenos en contacto con diversidade de obras relacionadas con expresións artísticas variadas, para iniciar así o desenvolvemento do sentido estético e artístico.

Para se entender como axentes patrimonializadores, as crianzas necesitan sentir respectadas as súas achegas. Non consiste en *xogar* (entendamos aquí o mal uso desta palabra) a transformar, senón dunha posta en valor das accións colaborativas, de ser partícipes reais do proceso.

Cando falamos do espazo público, tendemos a posicionalo nunha dicotomía entre propio/alleo; o concepto “ser de todos” implica unha corresponsabilidade de coidado para co resto. Como vou sentir vinculación con algo co que non teño ningún tipo de relación? Que posibilidade teño como parte dunha comunidade, de ser partícipe de algo que me vén imposto?

Na etapa da educación infantil, as nenas e os nenos descubren unha contorna sociocultural diferente á da súa familia e ábreanse a establecer outras formas diversas de relación ás xa coñecidas a través da mediación das figuras adultas de referencia e de seus iguais. Propomos nesta acción, aproveitar estratexias da arte urbana para valorar e revisar dinámicas e sinerxías establecidas no patio de recreo, ou noutras zonas do centro educativo, para polas en valor ou ben decidir algún tipo de intervención a posteriori sobre elas.

A arte urbana ten a condición de efémera, ben polas inclemencias climatolóxicas, ben por alteracións realizadas por outra xente, as intervencións aparecen e desaparecen. Isto permítenos partir da non necesidade dunha transformación permanente, podemos em-

EDUCACIÓN INFANTIL

pregar materiais que desaparezan co tempo ou coa choiva, como témperas ou xiz, ou pósters e *stickers* que nós mesmas decidamos poñer, quitar ou variar, segundo se considere necesario. Os límites do territorio están en constante discusión.

ACCIÓN 2

Propomos unha posta en valor do traballo participativo, a dignificación de todas as fases do proceso así como das persoas participantes. Unha reflexión en torno ao alleo e ao propio e como podemos facer noso un entorno que nos vén dado.

Partimos dun suposto vandalizar vs patrimonializar, que no eido da arte urbana ten uns límites bastante difusos... Temos claro que cando traballamos con soporte dunha entidade pública ou privada que nos cede un espazo para intervir, estamos falando dunha patrimonialización pero... é isto sempre así? Ten vinculación coa contorna e a xente que a vive esa intervención? Ou pasa a ter esa vinculación no momento que alguén máis a fai súa? Que pasa entón cando alguén intervéñ un espazo que emprega todos os días, pero non é baixo un encargo, senón por decisión propia ou colectiva?

Obviamente estas non son preguntas a realizar directamente ás crianzas, sen unha mediación docente, pero son un fío condutor de pensamento que nos gustaría que as persoas adultas que lles acompañan puidesen reflexionar antes de realizar as intervencións.

Temporalización:

Nestas etapas temperás atendemos aos diferentes ritmos e necesidades que existen nas aulas. Como se indica na introdución, a duración das propostas depende da profundidade coa que cada docente e grupo decida abordalas.

Ampliación:

As propostas preséntanse como puntos de partida, escalables e abordables desde as necesidades ou preferencias propias. É posible ampliar contidos e competencias relacionadas variando ou ampliando a formalización.

Acción 2

Unha evolución da Acción 1, partimos do concepto de firma. Como nos podemos representar? Que forma empregariamos? Que cores podemos usar? Unha firma individual ou unha firma colectiva? Como acadamos unha representación conxunta? Se temos representación visual da aula (nalgúns centros cada grupo asóciase a un animal ou similar) que diferencias e parecidos hai? Recortemos *stencils* para poder marcar as zonas e espazos que empregamos coas nosas firmas.

Agora, aproveitemos este feito para analizar diferentes dinámicas que podemos observar en zonas de interacción como pode ser o patio. (Aquí a profundidade da acción pode escalar a un proxecto de varias semanas de intervención). Hai algún espazo onde non nos sintamos cómodas ou cómodos? Por que sucede? Pode ser que queiramos establecer algún tipo de norma ou lembranza nalgú dos recunchos? Pode ser que poidamos intervir simplemente para deixar mensaxes positivas ás nosas compañeiras ou compañeiros? Que sucede se todos os días vemos algo que nos aleda un chisco? Aquí podemos estar falando de simboloxías a través de formas sinxelas ou de lectoescritura, dependendo da idade e avances do alumnado. (Recalcamos a importancia de non caer nos mal chamados "infantilismos" na imaxe).

**Good morning
EN POSTER-ART!!**

ACCIÓN 2

Recursos:

- Botes de pulverizador (recomendamos reutilizar) debidamente lavados para eliminar restos de sustancias nocivas.
- Témpera de uso infantil, colorantes alimentarios de tipo industrial (que nos permiten cores máis asociadas ao mundo da pintura actual) ou outros colorantes como podei ser a cúrcuma (que nos remitei a pinturas máis antigas ou incluso prehistóricas).
- Cartolinas
- Tesoiras
- Xiz

Recursos:

- Tesoiras / lapis / estampas (podemos facelas con patacas, por exemplo)
- Témpera de uso infantil espesa (para estampar ou espaxer)
- Cartolinas
- Fotografías / ilustracións / letras que poidamos atopar en libros, revistas, cartais, anuncios e materiais de refugallo.
- Cola de empapelar ou látex
- Brochas e luvas para protexernos

ACCIÓN 2


Deseñaremos os nosos cartaeis mediante técnicas de "guerrilla", a través do uso de materiais de refugallo que nos poidan simplificar o traballo (fotos, ilustracións e texto), facendo as nosas propias grafías e debuxos ou traballando tipo imprenta, mediante estampas.

Teremos en conta que poidan verse desde lonxe, entenderse fácil e levar unha estética que nos conveza a nivel colectivo. Podemos empregar tamén parte dos recursos asociados á firma, sentímonos acorde coas cores empregadas? Ou igual é mellor considerar que vaian en liña coa mensaxe?

Saímos a facer a pegada. Intentaremos que sexa un día con boa climatoloxía para que o adhesivo poida secar (pero temos que ter en conta que as artistas non se agochan caído chove!). Aquí será determinante a axuda das persoas adultas, que podemos traballar con brocha ou rolete seguindo nos sexa máis cómodo. Non esquezades botar unha capa por riba do póster tamén para protexelo.

Agora si, todo listo. Pero... Igual non queremos falar só dentro da escola! Igual queremos comunicarnos tamén co espazo de fóra! Ou igual precisamos dun formato máis portátil! Que tal facer uns autocolantes?

:)



1984